

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia con motivo da visita institucional da presidenta da Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores

Presentación do libro *Viaxe á Illa do Corvo*

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia,
14 de setembro de 2017 // 11.30 h.

- Presidenta da Asemblea Lexislativa da Rexión Autónoma dos Azores,
- Secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia,
- Presidente da Real Academia Galega,
- Profesores Urbano Bettencourt e Alonso Montero,
- Vicepresidentes da Asemblea Lexislativa das Azores,
- Membros da Mesa e portavoces do Parlamento de Galicia,
- Tradutor da publicación,
- Autoridades,
- Señoras e señores:

Para o Parlamento de Galicia e para o conxunto das galegas e galegos é unha honra brindar a nosa máis cordial benvida á presidenta da Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores e aos seus ilustres acompañantes á sede do poder lexislativo de Galicia.

Seguimos avanzando, deste xeito, nunha iniciativa de cooperación cultural galego-azoriana, iniciada o ano pasado, cando unha embaixada cultural galega, integrada polo Parlamento, a Real Academia e o Consello da Cultura, respondendo a unha invitación da Asemblea Lexislativa dos Azores, visitamos o Arquipélago. Daquela, levamos connosco unha exposición sobre os autores homenaxeados

no Día das Letras Galegas, así como dous libros cos que tratamos de poñer luz sobre a relación literaria de Galicia cos Azores.

Convócanos hoxe a presentación da edición bilingüe galego/portugués dun texto dedicado á Illa do Corvo, froito dunha viaxe de Raul Brandao aos Azores en 1924 e que se publicaría en 1926 baixo o título *As Illas Desconhecidas. Notas e Paisagens*. Optamos por publicar só a parte dedicada á Illa de Corvo, a máis pequena do arquipélago e tamén, a xuízo do autor, a máis incitante.

Felicito e agradezo o traballo de cantos fixeron posible esta xoia bibliográfica, nomeadamente ao profesor Rábade Paredes pola magnífica tradución para o galego; e tamén ao profesor Alonso Montero polo estudo introdutorio no que repasa os vínculos entre Raul Brandao e algúns escritores galegos do seu tempo, actuando xa daquela como avanzados dunhas relacións que tardarían aínda moito tempo en dar froitos de todo tipo.

En efecto, vicisitudes históricas que non vén ao caso recordar fixeron que España e Portugal vivisen de costas tempo de máis.

Un afastamento baseado en razóns políticas, pero que se traduciu tamén, no pasado, en afastamento institucional, malia que a vida cotiá estaba chea de exemplos que poñían de manifesto que as persoas das dúas beiras renegaban da fronteira.

Os arraianos, habitantes da raia seca, da que proveño, e tamén na raia húmida, sabemos ben da permeabilidade da fronteira, que, lonxe de provocar desencontros culturais ou lingüísticos, xerou intercambios de todo tipo, mesmo familiares, como os que moitos levamos nos nosos xenes.

Unha fronteira enriquecedora en termos persoais, e mesmo económicos; e tamén unha fronteira salvífica para moitos.

Refirome, neste caso, ás persoas que outrora se viron obrigadas a cruzar clandestinamente a fronteira fuxindo da opresión; uns escaparon da represión franquista, outros do réxime de Salazar. Na memoria de Galicia perdura a longa fuxida do ex-deputado Antón Alonso Ríos, que, facéndose chamar *Afranio de Amaral*, logrou salvar a vida e reunirse coa súa familia na Arxentina logo de escapar a través de Portugal.

Terían que pasar varias décadas ata que España e Portugal puideron consolidar as súas respectivas democracias, homologándose co resto do mundo occidental. A transición comezou en Portugal coa Revolución dos Cravos, mentres que en España o fixo pouco despois, logo do falecemento do ditador.

A democracia abriunos as portas de Europa e, canda a adhesión de España e Portugal, asinada o mesmo día (12 de xuño de 1985), axiña chegou a abolición da fronteira coa sinatura do Tratado de Schengen o 25 de xuño de 1991. A boa veciñanza que oficiosamente viñan practicando os nosos pobos desde tempo inmemorial, contaba desde entón con pontes e ferramentas novas coas que recuperar o tempo perdido.

E abofé que Galicia e a Rexión Norte de Portugal foron quen de tirar bo proveito das novas oportunidades que se nos brindaron constituíndo e poñendo en funcionamento unha Comunidade Traballo modélica, entón e tamén agora.

Tampouco o Parlamento nin a sociedade galega permaneceron alleos a esa aposta. En marzo de 2014, como todas e todos vostedes recordarán, esta Cámara aprobou por unanimidade a Lei, de iniciativa

popular, Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía.

Unha norma impulsada pola propia cidadanía e orientada a tirar proveito dun elemento que nos diferencia e enriquece. Falo da intercomprensibilidade das linguas galega e portuguesa, un feito enriquecedor que, alén dos tópicos, ofrece aos galegos vantaxes competitivas reais neste mundo globalizado. Refírome a que o castelán, con arredor de 500 millóns de falantes, e o portugués, que falan 250 millóns de persoas, cobran crecente protagonismo en amplas áreas xeográficas de todo mundo, competindo abertamente co inglés.

Tamén as Cortes Xerais son conscientes deste potencial, como acredita a aprobación, por unanimidade, o pasado 1 de xuño, no Congreso dos Deputados, dunha proposición non de lei orientada a impulsar, previo acordo co Goberno de Portugal, a declaración conxunta dun día das letras ibéricas como instrumento para a difusión das distintas linguas e os seus escritores.

Estou seguro de que o conxunto da sociedade galega, española e portuguesa comparten esta proposta.

En plena negociación do Brexit, españois e portugueses fariamos ben en aproveitar o distanciamento británico para facer valer o noso potencial lingüístico na UE, e con el, propiciar o achegamento das institucións e países comunitarios ao mundo hispanoamericano e á comunidade lusófona.

Castelán e portugués compiten co inglés pola primacía lingüística en amplas áreas xeográficas. Compitamos tamén nas institucións, neste caso nas comunitarias, aproveitando o previsible declive do inglés, provocado por políticos curtopracistas, que antepuxeron o seu interese persoal ao interese xeral do seu país.



Por fortuna, no parlamentarismo democrático que nos honramos en profesar, non existen os inimigos, polo menos nas propias Cámaras. Aquí só hai adversarios ou contrincantes políticos; pero nunca inimigos. Precisamente por iso, estou seguro de que nesta nobre tarefa de tender pontes fraternais con Portugal e cos Azores remamos todos na mesma dirección. Porque compartimos un obxectivo loable, pero tamén factible, do que ninguén quere nin debe autoexcluirse.

Moitas grazas.